# viarum dezae

## Camiños de Deza

número 2

# O Camiño Mozárabe Sanabrés




REVISTA viarum dezae
ANO II - Nº2 - Novembro 2022
Depósito legal: DL PO 445-2021

Colaboran neste número:
José Luis Rodríguez Jácome
Daniel Antelo Fernández
Teresa Alvarellos Varela

Coordinación, deseño e maquetación:
José Luis Rodríguez Jácome

Edita: Asociación cultural Viarum Dezae

VIARUM DEZAE
CAMIÑOS DE DEZA

viarumdezae@gmail.com




# O Camiño Sanabrés, a verea dos galegos

**O Camiño Sanabrés a Compostela** foi unha aventura apaixoante. Comezamos a viaxe a finais do ano 2021 facendo as catro primeiras etapas. Seguimos no ano 2022 ata completar todo o percorrido que sumou en total 374 quilómetros repartidos en 18 etapas.

Fomos cruzando ríos e montañas ata chegar a Santiago. Primeiro en terras zamoranas, pasamos os ríos Esla e Tera. Logo franqueamos as portillas do Padornelo e da Canda. Entramos en Galicia. Continuamos por vales e veigas atravesando o Limia, o Arnoia, o Miño, o Barbantiño e o Arenteiro. Tamén o Asneiro, o Deza, o Toxa, o Ulla e o Sar. Finalmente a emoción de chegar á Catedral.

Moitísimas grazas a todas as persoas que participastes nalgunha ou en varias etapas, e tamén a todas as persoas e institucións que apoiastes este proxecto.

**ETAPA 3: STA. MARTA DE TERA - RIONEGRO DEL PUENTE 26 KM.** Saímos diante da fermosísima igrexa románica de Santa Marta de Tera, que ten a representación máis antiga que se coñece de Santiago como peregrino. Aproveitamos para visitar os mosaicos romanos de Carmanzana de Tera. A etapa pasa por Calzadilla de Tera e Olleros de Tera. Logo vaise a carón do embalse de Agavanzal. O final é por fermosos camiños entre enciñeiras ata chegar a Río Negro del Puente.

**ETAPA 4: RIO NEGRO DEL PUENTE - SAN SALVADOR DE PALAZUELO 20 KM.** Saímos á mañá cedo. Pasamos por Mombuey e Cernadilla. Houbo un longo tramo por unha pista parcelaria entre enciñeiras. Acusamos algo o cansancio da xornada anterior e ao final da xornada comezaba a chuviscar polo que decidimos anticipar o final da etapa en San Salvador de Palazuelo e deixar algúns quilómetros para a seguinte etapa.

**ETAPA 5: SAN SALVADOR DE PALAZUELO - PUEBLA DE SANABRIA 17 KM.** Pasamos por Entrepeñas e o embalse, logo por Asturianos, Palacios de Sanabria, Remesal, Otero de Sanabria e Triufé ata chegar a Puebla de Sanabria. Parecía que non se daba chegado. O casco histórico desta vila é realmente bonito. Subimos ata o castelo e costounos atopar pousada onde nos deran o xantar. O lugar estaba moi concurrido.

**ETAPA 6: PUEBLA DE SANABRIA - LUBIÁN 30 KM.** Posiblemente sexa esta a etapa reina do Camiño Mozárabe Sanabrés e tamén das máis fermosas. Moi bonito é o paso pola aldea de Requeixo. Alí comeza a longa e dura subida ao Padornelo. Fermosos camiños entre árbores ata alcancar a cima. A baixada tamén vai por vellas congostras pasando por Aciberos e chegando a Lubián.

# O Camiño Mozárabe Sanabrés....

## Un fermoso surtido de paisaxes.

A sensación que nos queda despois de percorrer o Camiño Mozárabe Sanabrés é fantástica. Gardamos na retina grandes momentos vividos e tamén un amplo surtido de paisaxes espectaculares. O punto de inicio foi a localidade zamorana de **Granja de Moreruela**. Tiñamos por diante 376 quilómetros ata Santiago de Compostela, pois escollemos a variante de Verín. E así fomos debullando quilómetro a quilómetro conquistando horizonte a horizonte. Dende os páramos zamoranos, pasando polos altos do Padornelo e a Canda. Logo entramos en Galicia e, atravesando ríos e regatos, vales e vilas, por fin chegamos ata a catedral de Santiago. Unha peregrinación inesquecible.

**ETAPA 7: LUBIÁN - A GUDIÑA 26 KM.** Esta foi a etapa na que entramos en Galicia. Fixemos no santuario da Tuiza a ofrenda da fouce de Roteiros de Lalín. Logo iniciamos o ascenso ao alto da Canda. Bonitos camiños ata chegar ao alto. Avituallamento na mouteira que marca a entrada en Galicia. Fermosa baixada dende o alto da Canda pasando por Vilavella, O Pereiro e O Cañizo. Sorprendeunos a paisaxe pétrea desta parte final da etapa que tamén se ía facendo longa ata que por fin enfilamos a baixada ata A Gudiña.

**ETAPA 8: A GUDIÑA - VENDAS DA BARREIRA 19 KM.** No desvío tomamos a alternativa de Verín. Foi unha xornada con tramos en descenso por estrada pero cara ao final apareceu unha boa costa despois de O Navallo pouco antes de finalizar a xornada en Vendas da Barreira.

**ETAPA 9: VENDAS DA BARREIRA - VERÍN 22 KM.** A saída foi agradable pasando por varias carballeiras. Pouco a pouco o sol iba quentando cada vez máis. Superamos a subida a Fumaces e paramos nunha taberna a refrescarnos. Pasamos pola área de descanso de Vilardevós e Ábedes. O final do percorrido fíxose longo en baixada cunha forte calor pero conseguimos chegar a Verín.

**ETAPA 10: VERÍN - VILADERREI 22 KM.** Saímos diante da Casa do Escudo. Subimos ata o castelo de Monterrei. Continuamos entre viñas pasando por Albarellos, Rebordondo e Infesta. Pasamos un momento de gran dificultade subindo o alto das Estivadas pois iba unha forte calor e apenas había sombras nas que refuxiarse. Continuamos pouco a pouco pasando por Pena Verde e finalizando a xornada na pequena localidade de Viladerrei.

# O Mosteiro de Santa María de Oseira.

## Un lugar único no Camiño Mozárabe.

O Camiño Mozárabe Sanabrés, dende Ourense a Santiago afronta os seus últimos 104 quilómetros. Os peregrinos poden escoller entre algunhas variantes todas elas oficiais e sinalizadas. Unha delas é o paso polo Mosteiro de Oseira onde recentemente foi inaugurado un novo albergue para peregrinos.

Este cenobio é un tesouro artístico que merece ser visitado. Na nosa peregrinación realizamos unha visita guiada percorrendo varias das súas dependencias na que escoitamos unha excelente explicación de toda a historia e o patrimonio que este lugar conserva.

A igrexa románica, a sala capitular, os claustros, a escaleira de honra, un pequeno museo, en definitiva, un conxunto monumental marabilloso cunha longa historia que se remonta ata o ano 1137.

**ETAPA 11: VILADERREI - XINZO 15 KM.** Etapa curta que comezamos moi cedo para coidarnos da forte calor do verán. Algunhas mostras moi interesantes de arte románico durante o percorrido. As chairas da Limia están cheas de campos de cultivo. Entramos en Xinzo da Limia a carón do paseo fluvial do río Limia, o famoso río Lethes ou río do olvido, episodio que se recorda aínda na festa do esquecemento. Vimos o Museo do Entroido e pola tarde visitamos o Mosteiro de San Joao de Trandeiras.

**ETAPA 12: XINZO - ALLARIZ 22 KM.** Saímos de diante da igrexa de Xinzo. Escollemos ir pola variante da lagoa de Antela. Foi boa elección e así gozamos da fermosura do que aínda queda deste espazo natural. Subimos ata a torre de Sandiás. A etapa entrou nunha sucesión de fermosos camiños por carballeiras e soutos pasando por Torneiros e San Salvador dos Penedos. Especialmente bonita foi a baixada final ata a fermosa Vila de Allariz. O seu casco histórico está impecable e cheo de vida

**ETAPA 13: ALLARIZ - OURENSE 22 KM.** Saímos diante da ponte medieval sobre o río Arnoia. Imos en lixeira subida por fermosas congostras baixo carballeiras pasando polos restos arqueolóxicos de Armeá. Seguimos e pasamos por Pereiras. Logo entramos no polígono industrial. Entramos na cidade das Burgas por Seixalvo.

**ETAPA 14: OURENSE - CEA 22 KM.** Saímos diante da Catedral de Ourense. Iniciamos o día polas rúas da cidade e saimos pola ponte romana. Remontamos o val do río Miño subindo por Cudeiro, seguindo o antigo Camiño Real. Continuamos por Tamallancos. O río Barbantiño iba seco cando pasamos por Ponte Sobreira. A etapa na parte final regalounos uns quilómetros por fermosas congostras entre árbores.

# O Camiño Mozárabe Sanabrés....

## A histórica vía diagonal do Concello de Lalín

Ao seu paso polo Concello de Lalín, o Camiño Mozárabe Sanabrés é un eixo que ven do sueste e vai cara o noroeste dirección a Santiago de Compostela.

Entre os lugares máis emblemáticos polos que pasa están Puxallos, Pontenoufe, A Xesta, Medelo, Botos, Donsión, A Laxe, Bendoiro, Prado, o Pazo de Liñares e Ponte Taboada.

Na saída de Prado, merece a pena desviarse 200 metros para visitar o Pazo de Liñares. Esta casona señorial foi rehabilitada e convertida en museo.

A ponte medieval de Taboada pola que se cruza o río Deza é o final do tramo do Concello de Lalín e a entrada no Concello de Silleda.

O Camiño Mozárabe Sanabres é un ben cultural que debemos coidar e promocionar. En Lalín e na Comarca de Deza temos dous Camiños de Santiago e polo tanto somos afortunados porque estamos nunha encrucillada de camiños históricos no centro de Galicia.

**ETAPA 15: CEA - CASTRO DOZÓN 17 KM.** Saímos de diante da torre do reloxio en Cea. Primeiros camiños entre árbores en dirección a Oseira. Parada para un café na porta do Mosteiro. Afrontamos a subida con fermosas vistas ao cenobio que ía quedando atrás. Entramos en terras de Piñor pasando pola aldea de Carballeda. Logo pasamos a Dozón chegando aos pendellos de A Gouxa. Subimos ata o Alto de San Martiño e chegamos a Castro Dozón.

**ETAPA 16: CASTRO DOZÓN - SILLEDA 24 KM.** Saímos abrindo o día da igrexa de Dozón. Pasamos polo Alto de San Martiño e logo por Puxallos. Descenso ata Pontenoufe. Fermosa subida á Xesta. Logo continuamos por Medelo ata Botos. Subida ata A Romea e a igrexa barroca de Donsión. Seguimos a etapa da casa por A Laxe, Bendoiro, Prado e Ponte Taboada. Entramos en Silleda. Fermosos tramos polo Pazo de Trasfontao e rematamos na capital de Trasdeza.

**ETAPA 17: SILLEDA- OUTEIRO 24 KM.** Saímos da igrexa de Silleda. Pasamos por O Foxo. Cruzamos o río Toxa. Pequena parada en Bandeira. Seguimos ata a fermosa igrexa de Dornelas. Afrontamos a baixada a Ponte Ulla. Gardamos algo de enerxía para os catro últimos quilómetros do día en subida ata Outeiro.

**ETAPA 18: OUTEIRO - SANTIAGO DE COMPOSTELA 16,8 KM.** Saímos da ermida de Santiaguiño do Monte. Comezamos a andaina orballando, pero logo abriría o día. Parada na Susana. Pasamos pola Igrexa de Santa Lucía. Subimos polo Camiño Real. Pasamos por Angrois e entramos en Santiago. Fomos todos xuntos e contentos por onda o gaiteiro ata a Praza do Obradoiro.

## O santuario da Virxe da Tuiza

Está situado na provincia de Zamora entre Lubián e Chanos. Data do século XVIII e substituiu a unha ermida anterior. Ten feitura barroca de influencia galega. A planta é de cruz latina con cabeceira cadrada e a sancristía adosada. Está feito en perpiaños de granito. A Virxe da Tuiza foi venerada polos seitureiros galegos que ían a castela a recoller o cereal, e tamén polos peregrinos que facían parada no albergue, á beira da antiga ermida, do que aínda quedan restos. Dende alí tiñan que continuar por terras de lobos e montañas. Quixemos ter un recordo para os seitureiros galegos que na súa viaxe a Castela, ao pasar por este santuario, encomendábanse á Virxe das Neves, e ao seu regreso deixaban as súas fouces en ofrenda, como agradecemento por voltar con ben a Galicia. Alí deixamos tamén a fouce de Roteiros de Lalín como fixeron eles noutro tempo.



**Conta nun artigo Xavier Fernández Nogueira que José Da Chousa e o seu pai Manuel iban segar a Castela.** Esto acontecía mediados do século XIX. Manuel formaba unha cuadrilla grande buscando xente que o acompañase. A viaxe era longa e facíana a pe carrexando a equipaxe e a ferramenta. Saían a finais de Xuño. Botaban alá, na seitura do trigo e outras, así como a trilla, toda a ceifa a eito, para voltar a primeiros de setembro.

O punto de partida era Ramil, parroquia de Gresande, Concello de Lalín. Facían unha viaxe de 550 quilómetros en dez días. Pasaban por Campobecerros, A Gudiña, A Canda e o Paddornelo, Requixo, Puebla de Sanabria, Benavente e viraban cara o sur, dirección Madrid e Toledo.

Saíndo de Gresande collerían o "camiño real" por terras do Castro Dozón, camiño de Ourense. Logo ían por Baños de Molgas, Vilar de Barrio, Alberguería ata Laza e Campobecerros. Seguían por A Gudiña e o alto da Canda ata Lubián. Pasaban o Padornelo e Puebla de Sanabria ata Mombuey. Logo por Carmanzana de Tera ata Benavente. De alí a Madrid e Toledo.

O camiño de volta era o mesmo. Non podían demorarse, pois en setembro axexa o mal tempo e polas fiestras do Padornelo e da Canda bufa un ar de churumia, e da Serra Segundeira escomenza a baixar un vento lazado que atenaza a gorxa. Tamén axexaban os ladróns, aínda que á cuadrilla dos segadores dificultoso lles sería o desvalixalos.

# La Mochila de la Luz

**Por Daniel Antelo Fernández.** Peregrino. Autor del libro “De Saint Jean a Fisterra”.

**In memorian.**

A principios del año 2020 el mundo se paralizaba y los seres humanos nos enfrentábamos a un enemigo invisible llamado “Coronavirus”.

La gente fallecía sin conocer remedio, los sanitarios no daban abasto ante la dura situación, los cuerpos de seguridad del estado colaboraban con la ciudadanía, el personal de limpieza se arriesgaba en el día a día de sus labores a nuevos contagios, los ciudadanos encerrados entonábamos durante el largo confinamiento los acordes de la misma canción, pero los contagios seguían creciendo, y con el pasar de los días continuaban amontonándose nuestros seres queridos y amigos en las morgues.

A raíz de esta inquietud, los Peregrinos veían un difícil reto salir al Camino para obtener aire limpio y puro, pero un grupo de amigos peregrinos creó el proyecto de: **“La Luz del Camino”** en homenaje a todas esas víctimas, a sus familiares y a todos los que lucharon en primera fila desde el minuto uno. A pesar de la tristeza, comenzó esta historia.

La Mochila de la Luz o también conocida como “La Niña” salió de Roncesvalles en dirección a Santiago de Compostela portando mensajes, escritos de familiares y de amigos de las víctimas, una foto de Bolitx, las manitas de “mocho”, una cinta de la Basílica del Pilar de Zaragoza, una luz encendida en homenaje a todas esas víctimas, una concha de Ramón Villanova pintada para la ocasión y gel hidroalcóholico para desinfectar la mochila en cada relevo de cada peregrino.

Fue un proyecto donde se derramaron muchas lágrimas de emoción, y en donde el Camino a pesar de estar cerrado por el confinamiento nos volvió a mostrar sus valores.

**Más de 150 peregrinos la transportaron en todo el recorrido entre Roncesvalles y Santiago de Compostela** hasta llegar a lomos de mi espalda en el Mojón de Santos a la entrada del Camino Francés en Galicia. Allí di relevo a Fermín, hasta depositarla al lado de la sepultura de D. Elías Valiña en el Santuario de Santa María la Real de O Cebreiro donde descansó aquel día.

La inquietud de salir de nuevo con la mochila se adelantó a aquella misma noche, al ser testigos de ver el cielo tan despejado y estrellado, queríamos guiarnos por las estrellas como los peregrinos de antaño. La experiencia fue única e inolvidable.

**A pesar de todas las restricciones sanitarias, el día grande de Santiago, la Mochila llegó a la Plaza del Obradoiro acompañada de más de un centenar de Peregrinos, los cuales habían transportado a su niña en algún momento.** En la misa del peregrino se guardó un minuto de silencio por todos los afectados, y en el momento de la lectura de todos los manifiestos y escritos que portaba la mochila, florecieron las lágrimas de muchos de los presentes, donde un caluroso aplauso reconfortó sus almas.

Hoy dos años después, “La Mochila de la Luz” descansa de aquel emotivo viaje al lado de su “Compostela” y otros enseres en una vitrina en el Museo de las Peregrinaciones. Y yo, sigo agradeciendo a Susana Gracia, Marilo Lopez, Jesús Ciordia, Tomás Sánchez, Endika Armengol, María Dacuña, Encarni, Demetrio, Ramón Villanoba y otros muchos... la oportunidad de dejarme ser partícipe de su proyecto.

# O Pazo de Liñares

## El palacio del recuerdo

A douscentos metros do Camiño de Santiago, na parroquia de Prado, no Concello de Lalín, está o Pazo de Liñares. O Pazo de Liñares é un edificio de estilo barroco representativo da cultura pacega.

Hai constancia da súa existencia dende alomenos o ano 1512, aínda que na súa maior parte foi construído a finais do s. XVII e principios do s. XVIII.

Os dous corpos dos que consta o edificio fúndense perfectamente na fachada principal, na que sobresaen a gran cheminea e o escudo de armas da familia Taboada. Na parte posterior destaca a gran galería de arcos na parte nova e obsérvase claramente a construción máis antiga, cunha escaleira de acceso de triple rampla.

A liñaxe dos Taboada foi propietaria do pazo durante catro séculos, ata o ano 1920 no que o seu último sucesor deixa a casa. A partir dese momento caeu no abandono e na ruína. Foi restaurado como museo.

# peregrinas

## María Teresa Alvarellos Varela "O Camiño é unha desconexión do resto do mundo".

***1. Que significa o Camiño de Santiago para tí?*** Gústame facer os Camiños completos sen saltar etapas. Algo ten o Camiño, non sei moi ben o que, que me chama. É algo que fas sin que te cuestionen, ninguén che mira distinto. Tomo o mundo te trata con cordialidade. Nos sitios por onde pasas, todo o mundo che trata ben.

***2. Cal é a túa motivación para facelo?*** Como non teño moitos días libres, estou esperando a que chegue o domingo. É unha desconexión do resto todo.

***3. Que destacarías das etapas que levamos feitas do Camiño Mozárabe Sanabrés?*** É un Camiño distinto. As paisaxes son bastante diferentes ás do Camiño Francés. Comezas cas cores douradas de Zamora. Logo hai montañas. Gustoume a subida ao Padornelo. E despois xa todo o que é Galicia.

***4. Houbo algunha etapa que che parecera dura?*** Dura fíxose a etapa que subía o alto das Estivadas e que rematamos en Verín. Foi un día de moita calor.

***5. Que che aportou a experiencia de facer o Camiño de Santiago?*** Son tantas cousas... Cando se chega ao Obradoiro é algo emocionante, estar alí e saber que fixeches todas as etapas.

***6. Recomendarías esta experiencia a outras persoas?*** Eu a todo o mundo. Se non lles gusta que non volvan, pero que proben. Foi unha amiga a que me dixo de ir ao Camiño. A ela non lle gustou, pero eu quedei encantada e xa non parei. É algo que pode facer todo o mundo. Vin pobos distintos, fixen amistades. Gústame pasar polos pobos pequenos.

***7. Que outros Camiños fixeches?*** O Camiño Francés fíxeno 5 veces, unha dende Ponferrada e o resto dende O Cebreiro. A etapa de Samos a Sarria repetina varias veces. Tamén fixen o Camiño de Inverno dende Puente de Domingo Flórez. E o Camiño Portugués dende Tui. O Inglés fíxeno dende Ferrol. E tamén fixen o Camiño a Fisterra.

***8. Que outros Camiños che gustaría facer?*** O Camiño Primitivo ou calquera outro que non fixera. O Miñoto-Ribeiro ten boa pinta.

***9. Que cousas podíamos mellorar organizativamente para outros Camiños que decidamos facer?*** Non vexo nada que mellorar. Gústame a maneira na que se planifican as cousas. O grupo que temos é moi agradable.

***10. Que se sinte ao chegar á Praza do Obradoiro ao final do Camiño?*** Como explicar eso. A satisfacción de conseguir o que te propuxeches.

# A Laxe, encrucillada de Camiños.

A Laxe, unha pequena aldea do Concello de Lalín, é o punto de confluencia do Camiño de Inverno co Camiño Mozárabe Sanabrés. Trátase dun cruce de camiños históricos. Ademais do albergue de peregrinos perfectamente integrado no lugar, destacan as casas vellas aínda existentes onde se poden observar varias ventás mostrador indicativas de lugares de venta de produtos a arrieiros e peregrinos.

Moitas persoas pregúntanse por que o Camiño Mozárabe Sanabrés non pasa polo casco urbano de Lalín. E a resposta é que o Lalín de hoxe iniciou o seu gran crecemento no século XX. Nos séculos anteriores non tiña o tamaño nin a rede de estradas que ten hoxe. A Laxe é pois unha encrucillada de camiños históricos. Basta con mirar os mapas antigos de Galicia para corroborar esta afirmación.

O número 2 da revista viarum dezae imprimiuse grazas á axuda outorgada polo Concello de Lalín dentro da convocatoria de subvencións para actividades culturais do ano 2022.

CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Cultura e Turismo
www.lalin.gal